



## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA SEIS DE MAIO DE DOUS MIL VINTE E CINCO.

**Expte: 2025/G007/000015**

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás dez horas e dez minutos do día 6 de maio de dous mil vinte e cinco, reúnense en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local; previa convocatoria efectuada regulamentariamente conforme ao resolto en decreto núm. 207 de data 6 de maio/2025 e baixo a Presidencia do sr. Alcalde Alberto González Fernández: dona Rosa Ana García López, don Benito Manuel Vega Fernández e dona Tamara Sabín Caamaño. Non asiste por causas xustificadas don Alejandro Antonio García Sousa.

Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro.

Despois de aberta pola Presidencia a sesión, esta celébrase comezando co debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

### **1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 29.04.2025 (ORDINARIA).-**

O alcalde pregúntalle aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión de 29.04.25 queda aprobada sen ningunha obxección pola Xunta de Goberno Local.

### **2º.- APROBAR A DEVOLUCIÓN DO AVAL BANCARIO DA OBRA “FASE III AMPLIACIÓN DE EDIFICIO DE USOS MÚLTIPLES PARA CENTRO SOCIOCOMUNITARIO” POR IMPORTE DE 40.264,87 €, NÚMERO DE EXPEDIENTE 2025/X002/000002.-**

#### **“DEVOLUCIÓN DE AVAL BANCARIO**

Visto escrito presentado no rexistro electrónico por [REDACTED] Portela en nome e representación da empresa OBRAS GALLAECIA, S. L., de data 08/10/2024 rexistrado de entrada baixo o número 202499900001717 no que solicita DEVOLUCIÓN DE AVAL BANCARIO correspondente á obra de :

“Fase III: Ampliación de edificio de usos múltiples para centro sociocomunitario”

Verificado mediante informe emitido pola Tesoureiría Municipal que o aval atópase depositado a favor da empresa Obras Gallaecia, S. L. segundo depósito efectuado en data 10/12/2021.

Visto que en data 02/11/2023 segundo acordo adoptado polo Pleno da Corporación do Concello de Valdoviño en sesión ordinaria adoptouse o acordo de “*Resolver o contrato de obras coa empresa OBRAS GALLAECIA SL B70018981 e por este Concello, suscrito en data 31 de marzo de 2022, por mutuo acordo, conforme ao amparo do artigo 211.c) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 e conforme á cláusula 22 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexen o contrato.*”

Por conseguinte, considerando que o contrato foi resolvo por mutuo acordo entre ambas partes e que, polo tanto, non existe ningún tipo de responsabilidade ou reclamación esixible ao adxudicatario da obra e debido ao período de tempo transcorrido dende o acordo de rescisión no que se acredita a inexistencia de ningún tipo de responsabilidade e en virtude do artigo 102.2 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, a vixente no momento de formalización do contrato: “*2. Aprobada la liquidación del contrato y transcurrido el plazo de garantía, si no resultaren responsabilidades se devolverá la garantía constituida o se cancelará el aval o seguro de caución.*”

*El acuerdo de devolución deberá adoptarse y notificarse al interesado en el plazo de dos meses desde la finalización del plazo de garantía. Transcurrido el mismo, la Administración deberá abonar al contratista la cantidad adeudada incrementada con el interés legal del dinero correspondiente al período transcurrido desde el vencimiento del citado plazo hasta la fecha de la devolución de la garantía, si ésta no se hubiera hecho efectiva por causa imputable a la Administración.”*

#### **PROPONSE:**

DEVOLVER o a o aval bancario citado pola execución da obra: “Fase III: Ampliación de edificio de usos múltiples para centro sociocomunitario”, por importe de 40.264,87 euros depositado en data 10/12/2021.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica.

O Alcalde,  
Asdo. Alberto González Fernández (Asdo. dixitalmente).”

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2025/X002/000002).**

**3º.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO. “LIMPEZA DAS PRAIAS DE CAMPELO, DO RIO, DO CANO GRANDE, DO CANO PEQUENO, MOURILLÁ, A FROUXEIRA, PANTÍN, PORTO CARRIZO, O BALEO E VILARRUBE”), NÚMERO DE EXPEDIENTE 2025/C004/000004.-**

## “PROPOSTA DE ALCALDÍA-PRESIDENCIA

**Asunto: Contrato de servizos: LIMPEZA DAS PRAIAS DE CAMPELO, DO RIO, DO CANO GRANDE, DO CANO PEQUEÑO, MOURILLÁ, A FROUXEIRA, PANTÍN, PORTO CARRIZO, O BALEO E VILARRUBE, DO CONCELLO DE VALDOVIÑO.**

**Expediente núm.: 2025/C004/000004**

Vista a concesión definitiva pola que se aproba a concesión definitiva de subvencións correspondentes ao programa MA100: subvencións a concellos para limpeza de praias marítimas no 2025 da Deputación da Coruña, publicada en data 12 de marzo de 2025 no BOP nº 48.

Vista a necesidade de contratar a prestación do servizo de limpeza, de frecuencia diaria, o obxecto do contrato comprenderá as tarefas a realizar por medios manuais (agás, no indispensable, nas tarefas de desbroce), respectuosos co medio ambiente, baixo criterios de eficiencia, a fin de garantir o uso dos areas en adecuadas condición hixiénicas, sanitarias e de limpeza por parte dos usuarios.

Visto a inminente chegada do verán e o aumento de poboación e a afluencia de turismo da tempada estival, o procedemento a realizar será o procedemento aberto simplificado e tramitación abreviada.

Visto o informe da Secretaría municipal do 5 de maio de 2025 e o informe de fiscalización favorable da Intervención accidental municipal da mesma data.

Considerando polo tanto, que se cumpre co estipulado na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

De acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21, da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVE:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar o expediente de contratación do servizo: Limpeza das praias de Campelo, do Rio, do Cano Grande, do Cano Pequeno, Mourillá, a Frouxeira, Pantín, Porto Carrizo, o Baleo e Vilarrube, do Concello de Valdoviño, mediante procedemento aberto simplificado e tramitación abreviada, con pluralidade de criterios de adxudicación avaliable automaticamente.

**SEGUNDO.-** Aprobar os Pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, que rexerán a presente contratación.

**TERCEIRO.-** Autorizar o gasto, cun orzamento base de licitación de **30.843,03 euros/anuais IVE engadido**, ao abeiro da subvención concedida correspondente ao programa MA100: subvencións a concellos para limpeza de praias marítimas no ano 2025.

**CUARTO.-** Publicar o corresponde anuncio no perfil do contratante deste concello aloxado na plataforma de contratación do sector público.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica.

*/DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE POLO SR. ALCALDE ALBERTO GONZÁLEZ FERNÁNDEZ/*

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2025/C004/000004).**

**4º.-APROBACIÓN DE GASTOS: RELACIÓN DE FACTURAS Nº F/2025/9, NÚMERO DE EXPEDIENTE 2025/X999/000082.-**

**“PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA**

**APROBACIÓN DE GASTOS: RELACIÓN DE FACTURAS Nº F/2025/9**

Elaborouse a seguinte relación de facturas que figura co número F/2025/9 e que se remitiu pola Intervención Municipal. A contía total da presente relación de 32 facturas ascende á cantidade de DOUSCENTOS SETENTA E SETE MIL CENTO VINTE E CATRO EUROS CON CORENTA E OITO CÉNTIMOS (277.124,48 €). As facturas que integran a antedita relación figuran como anexo á proposta.

Vista a solicitude de data 25/04/2025 de cesión de dereito de cobro das facturas emitidas por Atendo Calidade, S. L. números E25/74 e E25/75 por importes de 66.074,63 euros e 6.044,31 euros, respectivamente a favor da financeira Borrox Finance, S. L. e considerando que a mesma cumpre os requisitos formais para a tramitación do endoso (solicitude asinada por cedente e cesionario indentificando as facturas, copia de poderes suficientes e identificación dos representantes de ambas entidades).

A Alcaldía, de acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21, apartado 1.f) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis 11/99 e 57/03,

**PROPÓN:**

**PRIMEIRO.- APROBAR** a relación de facturas sinalada, F/2025/9 por importe bruto de 277.124,48 euros.

**SEGUNDO.- APROBAR** o endoso das facturas números E25/51 e E25/52 con número de rexistros contables F/2025/889 e F/2025/890 e i por importes de 66.074,63 euros e 6.044,31 euros emitidas por Atendo Calidade, S. L. a favor de Borrox Finance, S. L. (CIF nº B87774931)

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica

O alcalde:

Asdo. D. Alberto González Fernández (Asdo. dixitalmente)”

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2025/X999/00082).**

**5º.-ROGOS E PREGUNTAS.-**

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o sr. Alcalde levantou a sesión, ás dez horas e vinte minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria municipal, CERTIFICO o contido da presente acta.

*/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo pola secretaria e polo alcalde/*